



Călătorie plăcută!¹

Inés Mosquera²

1.

O CFR atravesa
os inxentes
campos transilvanos
borrachos de durmideiras
despoxándoos
da súa cotiandade.

2.

Tres descoñecidos
que cadraron
no compartimento
de terceira
matan as horas
de atraso ferroviario
xogando ao Rummi.

3.

O vadío sen trouxa
xa coñece as regras
e a estudante de veterinaria
explícallas á galega
desbordada
ante a acollidora simpatía.

¹ Pertencente ao poemario *Nonmesquezas* publicado en novembro do 2023 da man de Medulia Editorial.

² https://gl.wikipedia.org/wiki/Inés_Mosquera_Calvo.

4.

Baixo exorbitante hospitalidade
cando unha xa só ten sono
porque a crecente demora
turrou da noite de lueiro,
abre a ventá
asoma a cabeza
goza da visión
da cola
do perpetuo tren
na pronunciada curva
ao ralentí.

5.

E de novo o desbordo de hospitalidade
a éxtase da amabilidade inesperada
o abafado das temperaturas primaverais
co exíguo frescor que emerxe do oco da xanela.

6.

Atrás quedou a neve.
No vagón de cola.